EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES

1. COMENTARIO DE TEXTO: O RENACEMENTO URBANO

Normas básicas para facer un comentario de texto:

1. Atenta lectura do documento para coñecer o asunto xeral do que trata o texto e ordenar as ideas que contén. É útil subliñar palabras ou frases para distinguir as ideas esenciais das secundarias.
2. Contextualización histórica: que pasaba nese momento? Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico, etc. Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.
3. Análise dos contidos: que quere dicir este texto? Haberá que seleccionar as ideas máis importantes, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das ideas secundarias. Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc., que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.
4. Que sei eu deste tema? Relacionar o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.
5. Conclusión: que importancia tivo este feito na súa época? É recomendable rematar cunha conclusión ou valoración global, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade.
6.- O comentario debe reflectir o grao de madurez expresiva, polo que se terán en conta as normas de expresión escrita, como a precisión léxica, a corrección da sintaxe ou a claridade da expresión. Finalmente cómpre lembrar que non debe ser moi extenso, a precisión redunda en beneficio da claridade.

Foro dado aos habitantes de Baiona por Afonso VIII (1201)

" (...) Primeiramente dales el lugar de Erizana para que pueblen en él con su término y divisiones de manera que hagan una buena villa et impono eidem villa (esta vila) de novo nomem Baionam.
Que los moradores de esta villa no paguen portazgo en todo el Reyno.
Que el merino no pueda prendar a ninguno de la villa por ninguna Calunia, si no fuere por homicidio, robo o hurto conocido, trayción, o estercol puesto en boca de otro.
Y si fuere acusado de alguna calumnia, y este tal tuviere casa en la villa, de fianças de cinco sueldos leoneses, y el Alguazil no sea osado entrar en la casa deste tal, y prenderle: si no tuviere casa, de fianças cinco sueldos, y quien le asegure por otros sesenta, y si la calumnia fuere de bienes muebles y rayzes, tenga su hacienda en paz de poseedor, y el merino, según la calidad de la culpa, pague la calumnia si la culpa fuese por lesión corporal, pague corporalmente, si guese de daño de bienes, pague con dinero.

Que si se quebrase alguna nave, y saliere a la ribera, el señor de la nave con todo en lo que en ella tenía, buelva a la villa quieto, y seguro.
Que no pague tributo de las viñas, y heredades, salvo los diezmos a Dios, y a la Iglesia.
Acotalas heredades de los vecinos desta villa, para que ninguno les haga daño, ni mal.
Que los mercaderes desta villa anden seguramente por todo el Reyno, y ninguno sea osado de emprenderlos, sino fuere por deuda, o fiança el que lo contrario hiciere pague la pena al doble, y al Rey quinientos sueldos.
Que ningun vecino de la villa pague luctuosa, ni maniatico, sino que haga lo que quisiere de sus bienes en vida, y en muerte.
Que se haga feria en el quinto día de cada mes, y si alguno hiçiere algun daño a qualquier mercader que venga, o que en ella este: satisfagale con el doblo, y al señor de la tiera pague mil maravedis: que pague sesenta sueldos el que rompiere la casa de otro, y el Rey lleve los treynta sueldos, y el dueño de la casa otros treynta. (...)
Que ningun hombre pueda salar el pescado, sino solo el que fuere vezino de la dicha villa de Bayona: el que otra cosa hiciere pierda cuanto tuviere. (...)
De la barca Francesa que se ha de dar el Rey sesenta sueldos, y pagados queda libre el maestro de la nave con sus marineros y con su haçienda. Si viniere alguna nave Francesa al puerto y no descargare todo lo que trae pague al Rey trescientos sueldos, porque echo las ancoras en el mar.
De truxello de paños de grana de al Rey doce sueldos de otros paños de color seys sueldos, de las frisas tres sueldos de barda en gran seys sueldos, y de otros paños de color tres sueldos, y de paños gruesos, diez y ocho dineros, de carga de grana seys sueldos, de barda de peleyos seys dineros, de cualquier carga de otra hacienda, que fuere a la Rochela un sueldo, assi de Carabela como de Pinaza; y de esta manera va diciendo los tributos que de otras cosas se avian de pagar, assi de las cosas de mar como de las de tierra, favoreciendo siempre a los nuevos pobladores, y pone las maldiciones y fuerças acostumbradas para que estos fueros sena firmes y perpetuos (...)".

(extraído de PALLARES, M.C. E PORTELA, E. *Galicia na época Medieval. Tomo II. Galicia. Historia,* A Coruña, Hércules Ediciones, 1991, p.351)

2. COMENTARIO DE GRÁFICAS: A REVOLTA IRMANDIÑA

Normas básicas para facer un comentario dunha gráfica:

1. Clasificar a gráfica segundo a súa forma. Atender se estamos ante unha gráfica liñal, unha gráfica de barras, unha gráfica de sectores, un histograma, etc.
2. Clasificar a gráfica segundo a materia que trate: se versa sobre temas económicos, demográficos, sociais ou políticos, etc.
3. Atender á cronoloxía dos datos referidos na gráfica. Isto é fundamental para poder contextualizar historicamente os datos que se nos presenten.
4. Interpretación da gráfica:
   - Extraer a idea principal que nos amosa o gráfico.
   - Explicación dos datos, da súa evolución e das causas da súa evolución.
   - Atender a outros aspectos relativos á situación exposta na gráfica:
     - Conexións desta gráfica con outros procesos históricos importantes.
     - Consecuencias dos datos amosados nesta gráfica.
     - Importancia dos datos da gráfica no conxunto do período histórico en que se sitúan.

A Revolta Irmandiña

Observa estas dúas imaxes e aplica a guía de comentario





RESPOSTAS

1. COMENTARIO DE TEXTO: O RENACEMENTO URBANO

Estamos ante un texto legal, un Foro ou Carta de Poboación, que é o como se denomina a un documento polo cal un rei ou un señor (laico ou relixioso) outorga unha serie de privilexios a un grupo poboación, co obxectivo de obter a repoboación de certas zonas de interese económico ou estratéxico. Neste caso concreto, como se nos indica no encabezado do documento, estamos ante o Foro dado aos habitantes de Baiona por parte do rei Afonso VIII.

No propio documento obsérvase o interese do rei por poboar un territorio, o lugar de Erizana, e fundar alí unha vila, a que denomina Baiona. Para atraer a novos habitantes, o foro co que se dota a vila de Baiona outórgalles privilexios económicos, "*no paguen portazgo en todo el Reyno*" ou "*que no pague tributo de las viñas, y heredades, salvo los diezmos a Dios, y a la Iglesia*", así como unha serie de garantías legais que os dotan dunha certa autonomía e de liberdades no marco da sociedade feudal: "*que el merino no pueda prendar a ninguno de la villa por ninguna Calunia, si no fuere por homicidio, robo o hurto conocido, trayción, o estercol puesto en boca de otro*" ou "*que los mercaderes desta villa anden seguramente por todo el Reyno, y ninguno sea osado de emprenderlos, sino fuere por deuda, o fiança*". Non é de estrañar que os habitantes destas novas vilas preferisen a dependencia directa do rei, que ademais destas concesións, era un señor máis afastado que o exercicio máis abafante do poder que levan a cabo os señores locais.

Por outra banda, a vila de Baiona é unha boa mostra de como a política de establecemento de núcleos urbanos tiña un clara motivación económica. Ademais de ampliar o seu poder político en Galicia fronte á aristocracia, en especial á nobreza eclesiástica, Afonso VIII, tamén coñecido coma Afonso IX de León, pretende derivar cara á Coroa os beneficios da actividade comercial marítima que se ía desenvolver dende a vila. A importancia desta actividade comercial queda salientada na numerosa regulación presente no Foro: a existencia de naves dedicadas ao comercio, "*que si se quebrase alguna nave, y saliere a la ribera (...)*", a xa citada mención aos mercaderes da vila, a existencia do peixe coma importante produto do comercio marítimo, "*Que ningun hombre pueda salar el pescado (...)*", a relación marítimo-comercial con Francia, "S*i viniere alguna nave Francesa al puerto (...)*" ou "q*ue fuere a la Rochela un sueldo, assi de Carabela como de Pinaza*". Non só o importante peso do comercio marítimo, senón a importancia de calquera tipo de actividade comercial para a vila, que vai concentrar a que antigamente se desenvolvía na contorna, como se ve que dende un primeiro momentno se regule a actividade que se vai desenvolver na feira, e nas garantías que se lle outorgan a todos os comerciantes que alí concorran: "*Que se haga feria en el quinto día de cada mes, y si alguno hiçiere algun daño a qualquier mercader que venga, o que en ella este: satisfagale con el doblo (...)*".

As vilas nacen nos séculos centrais da Idade Media como resultado do proceso de expansión económica do sistema feudal. Baiona é un bo exemplo do período cumio de creación de vilas en Galicia, entre a segunda metade do s. XII e principios do XIII, cando os reis animaron a consolidación destes núcleos. Porén, a monarquía, ou a nobreza eclesiástica, non son os causantes do proceso de urbanización, senón que só tentan de canalizalo para reforzar o seu poder sobre o territorio. Malia a autonomía que parece outorgarlle o Foro aos futuros habitantes de Baiona, estes, como os das outras vilas galegas, van loitar contra os señores da súa contorna para manter a súa situación. Os señores eclesiásticos, que conseguiron manter o seu señorío sobre as vilas que eran as súas sés episcopais, tamén acabaron por estender a súa influencia sobre as vilas de creación reacción, mesmo as de fundación real. Á influencia dos bispos habería que unir o dos diferentes mosteiros, especialmente os cistercienses, así como na Baixa Idade Media a constante intromisión dos señores laicos. Baiona non vai ser unha excepción, aínda que os concellos do SO de Galicia alcanzaran na segunda metade so s. XIII o grao de fortaleza

suficiente para enfrontarse, con bastante éxito, aos señoríos monásticos da rexión (Baiona fronte ao mosteiro de Oia).

Cidades verdadeiramente autónomas non van existir na Galicia medieval. Nin sequera existiu a posibilidade de que chegasen a selo. A única opción que lles quedará aos seus habitantes será elixir a dependencia do rei ou dependencia doutro señor.

O feito urbano é un elemento importante da transformación social profunda que caracteriza á Galicia do s. XII e dos primeiros anos do s. XIII, da que sairá un sistema de relacións entre os homes que, en moitos dos seus elementos substantivos, poderá ser recoñecido aínda ben entrada a época contemporánea.

2. COMENTARIO DE GRÁFICAS: A REVOLTA IRMANDIÑA

Estamos ante unha serie de diagramas de sectores que nos amosan a repartición dos delitos cometidos pola nobreza galega sobre as persoas e os bens, a extracción social dos agraviados e a localización destas exaccións, rural ou urbana, tanto no conxunto de Galicia coma no caso concreto da diocese de Ourense, no s. XV.

Estes diagramas de sectores permítenos observar con claridade como os agravios cometidos pola nobreza galega, fundamentalmente dende as fortalezas, dirixiuse contra persoas de toda condición social, destacando, no conxunto de Galicia, aos labregos, a grande maioría da poboación, mais cun peso moi importante dos grupos sociais urbanos. Non só foron abusos contra as persoas, senón que afectaron aos seus bens e propiedades, como ben se observa nas gráficas (un 31,5% para Galicia e un 42% se collemos os datos de Ourense).

O século XV, período ao que corresponden os datos das gráficas, é unha centuria caracterizada pola violencia e o desorde. O debilitamento da monarquía, fenómeno que se estende ao longo da baixa Idade Media, unido aos continuos enfrontamento entre as casas nobiliarias por afianzar o seu poder, levan ao noso país a esta situación de verdadeira anarquía. A crise económica que sacudiu este período, levou a un empobrecemento do campesiñado e a un aumento do bandoleirismo exercido polos nobres dende as fortalezas medievais, que vían nestes abusos o único xeito de manter o seu nivel de rendas.

Como vemos nas gráficas, a situación de violencia e de abusos era tan xeneralizada que ninguén podía escapar ás malfeitorías da nobreza. Labregos, como xa mencionamos, son a maioría dos afectados. A crise económica afectaraos dun xeito especial, pondo en perigo a súa subsistencia. A isto habería que unir os diferentes andazos de peste que van bater en Galicia dende a segunda metade do s. XIV. A toda esta difícil situación, hai que unir os abusos que van sufrir dende as fortalezas, sendo un branco fácil da violencia señorial.

Mais o clima xeneralizado de violencia tamén afectou en grande medida ás cidades. Así se destaca no caso de Ourense, onde un 42% dos afectados polas malfeitorías dos nobres son habitantes da cidade. E se atendemos á clasificación social vemos que un 7,2 % dos afectados serían comerciantes, ou un 10% se nos fixamos nos datos do Preito Tabera-Fonseca. Deste xeito, a inestabilidade puña en serio perigo a existencia dunha fluidez do comercio, a principal actividade económica urbana. Esta dificultade para transitar por Galicia vese das denuncias dos camiñantes, que supoñen un 26% das denuncias totais do reino de Galicia. Vivíase unha situación de impunidade, que imposibilitaba pacificar o reino e facer fronte ás exaccións.

Destaca que non aparezan mencionados eclesiásticos entre os principais afectados polos delitos. Sabemos que tamén o foron, mais o principal efecto que tivo esta situación de violencia por parte da nobreza foi a usurpación na práctica das súas propiedades territoriais, ao vérense obrigados a aceptar unhas encomendas forzosas, polas que eses

nobres que en teoría estaban obrigados a defendelos se apropiaban das rendas producidas polas propiedades das igrexas e mosteiros galegos.

Galicia vive nunha situación de forte conflitividade social a fin da Idade Media. A conflitividade política que caracteriza o período baixomedieval, derivado da debilidade da monarquía e da continua loita entre faccións nobiliarias, derivou nestas fortes tensións no plano social. As continuas malfeitorías e exaccións protagonizadas pola nobreza galega conduciron, na práctica, a un levantamento antiseñorial no 1467. Non era a primeira vez que algo así acontecía, mais con anterioridade a súa extensión territorial fora máis limitada (tensións contra os señores nas vilas ou na denominada primeira guerra irmandiña, de 1431-1434, que se estendeu polas terras do Andrade nas comarcas de Pontedeume e Betanzos). Unha revolta que vai unir a diferentes grupos sociais que tiñan en común o desexo de xustiza, unha mentalidade xusticieira contra os abusos, violencias e malfeitorías que se perpetraban dende as fortalezas por parte dos señores.

A Revolta Irmandiña foi un levantamento xeral, participando nela as cidades, os campesiños e mesmo da baixa nobreza. Entre 1467 e 1470, a Irmandade que constitúen vai expulsar aos grandes señores, causantes das exaccións, do noso país, van derrubar as fortalezas e van proceder a unha restitución da xustiza en Galicia. Só a reorganización da alta nobreza, cando a situación política en Castela se calme, vai permitir a volta destes señores que van acabar por derrotar á Irmandade.

A derrota irmandiña vai vir acompañada da represión, que será máis ou menos dura segundo os diferentes territorios. Algunhas das fortalezas serán reconstruídas, pero o resultado desta Revolta, a medio prazo, non será tan favorable aos intereses da máis destacadas casas nobiliarias galegas, que verán coma a acción dos Reis Católicos coartará o seu poder aproveitando os seus esforzos de pacificación de Galicia.